

## INFORMACIÓNS IMPORTANTES – Xuño 2017

### 1. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL

Recordamos que **ata o 23 de xuño está aberto o prazo** para presentar as solicitudes de:

- A) **FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO:** Deben solicitalo todos os alumnos que vaian cursar 3º/4º/5º/6º de Primaria e 1º/2º/3º/4º de ESO, calquera que sexa a súa situación económica, pois entregaranse libros ata esgotar as existencias.
- B) **AXUDAS LIBROS DE TEXTO:** Dirixidas para os alumnos que vaian cursar 1º/2º Primaria. Estas axudas dependerán da renda familiar.
- C) **AXUDAS DE MATERIAL:** Para todos os alumnos de Primaria e ESO, e dependen da renda familiar.

*NOTA: Os libros de Infantil **non** contan con axuda. A lista de libros poderá consultarse nos taboleiros do centro e na páxina web [www.edu.xunta.es/centros/cpidevedra](http://www.edu.xunta.es/centros/cpidevedra)*

### 2. COMEDOR ESCOLAR

- A) Ao longo do mes de xullo publicaranse as listas de admitidos e excluídos. Lembramos que se solicitará ampliación de prazas polo que non se coñecerá o resultado definitivo ata setembro.
- B) **Todos os usuarios de comedor** deberán entregar, **antes do 31 de xullo**, o **IMPRESO DE AUTODECLARACIÓN** dos prezos públicos **para determinar a contía que lles corresponderá pagar por ser usuarios (gratuítos, 1€, 2.50 €, 4.50 €)** pola utilización do mesmo.
- C) **COLABORADORES DE COMEDOR:** De acordo coa normativa non poden repetir os do ano anterior, agás que non se presenten novos colaboradores. Todos **aqueles pais e nais interesados** en colaborar na atención do comedor escolar durante o curso escolar 2017/18 **deberán solicitalo** na secretaría do centro. **O prazo está aberto desde o 22 de xuño ata o 10 de setembro.**

### 3. TRANSPORTE ESCOLAR

Como en anos anteriores, **durante o mes de xullo, o alumnado** de Infantil, Primaria e ESO, **que non sexa usuario lexítimo do transporte escolar**, deberá solicitar **unha autorización excepcional para o curso 2017-2018**, se hai prazas no autobús e sen pedir novas paradas nin itinerarios.

*NOTA: É usuario lexítimo do transporte todo o alumnado co domicilio fóra do núcleo próximo ao centro, agás o que non lle corresponda este centro, por pertencer á área de influencia doutro que imparta o nivel no que está matriculado.*

### 4. HORARIO DE OFICINA NO VERÁN

As **oficinas do centro** estarán **abertas** durante o mes de **xullo**, laborables de luns a venres, en horario de **10.00 horas a 14.00 horas**, para todos os trámites administrativos do final e inicio de curso.



## OUTRAS INFORMACIÓNS IMPORTANTES

### 5. EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO (ESO)

Realizaranse os días **1 e 4 de setembro** segundo o calendario establecido ao efecto, que se entregará ao alumnado e estará publicado no taboleiro do centro e na páxina web do centro.

A entrega de **notas da avaliación extraordinaria** será o **mércoles, 6 de setembro ás 12 horas**.

### 6. COMEZO DO CURSO 2017-2018

O comezo de curso, salvo cambios no calendario escolar aínda sen publicar no DOG, terá lugar nas seguintes datas:

- ❖ **INFANTIL e PRIMARIA: Luns, 11 de setembro**
- ❖ **EDUC. SECUNDARIA: Venres, 15 de setembro**

Eses mesmos días comeza o servizo de **comedor** e **transporte escolar** nos horarios habituais.

MES/ DÍA	DATAS IMPORTANTES A LEMBRAR
<b>XUÑO</b>	
<b>Xoves, 22</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Devolución dos lotes de libros do Fondo Solidario e Axudas libros do curso actual</b> (na clase coordinado polos titores)</li> </ul>
<b>Venres, 23</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Data límite de solicitude de Fondo libros, Axudas libros, e Axudas material</b> para o vindeiro curso.</li> <li>▪ <b>Festa Fin de Curso.</b></li> <li>▪ <b>Entrega de notas Educación Infantil e Primaria</b> ás 13.00 horas.</li> <li>▪ Saída ás 13.30 horas.</li> </ul>
<b>Martes, 27</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Entrega de notas de ESO</b> ás 12.00 horas.</li> <li>▪ <b>Entrega certificados 4º ESO para matrícula en IES ou FP.</b></li> </ul>
<b>Xoves, 29</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reunión Pais do <b>novo alumnado 4º Infantil</b> (2017/2018) ás 11 h.</li> </ul>
<b>XULLO</b>	
<b>Venres, 14</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Publicación das <b>listaxes provisionais</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en 3º/4º/5º/6º de Primaria e 1º/2º/3º/4º de ESO.</li> </ul>
<b>Luns, 17</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Inicio de <b>recollida de vales de axuda de libros</b> para alumnado de 1º/2º de Primaria con dereito ao mesmo.</li> <li>▪ Inicio de <b>recollida de vales de material escolar</b> para todo o alumnado do centro matriculado en Primaria e Secundaria con dereito ao mesmo.</li> </ul>
<b>Venres, 21</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Publicación das <b>listaxes definitivas</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en <b>3º/4º/5º/6º de Primaria.</b></li> </ul>
<b>Luns, 31</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Data límite entrega <b>IMPRESO AUTODECLARACIÓN dos prezos públicos de comedor escolar.</b></li> </ul>
<b>SETEMBRO</b>	
<b>Venres, 1/Luns, 4</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Exames</b> de Setembro (ESO).</li> </ul>
<b>Mércoles, 6</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entrega de <b>notas</b> de Setembro (ESO).</li> </ul>
<b>Venres, 8</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Data límite presentación en secretaría de solicitudes para ser colaboradores de comedor.</li> </ul>
<b>Luns, 11</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comezo das <b>clases</b> para <b>Ed. Infantil e Primaria.</b></li> <li>▪ Entrega dos libros de texto concedidos polo FONDO SOLIDARIO</li> </ul>
<b>Venres, 15</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comezo das <b>clases</b> para <b>Ed. Secundaria.</b></li> <li>▪ Publicación das <b>listaxes definitivas</b> de libros concedidos polo <b>FONDO LIBROS</b> para o alumnado matriculado en <b>1º/2º/3º/4º de ESO.</b></li> </ul>